

¿QUE SON OS EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA?

Introducción:

O noso Instituto volve contar, desde o curso 1999-2000, cun Equipo de Normalización Lingüística (ENL), cumprindo así o mandato legal que sinala a obrigatoriedade de que haxa un ENL en todos os centros de Primaria e Secundaria. Ofrecemos aquí unha información básica sobre o funcionamento destes equipos.

A creación dos Equipos de Normalización

Os Equipos de Normalización Lingüística (ENL) creáronse en todos os centros de Primaria e Secundaria, por mandato legal, no curso 1990-91. Nas ordes que regulaban a organización e funcionamento dos centros de ensino non universitario, sinalábase por primeira vez que cada Centro tería un ENL que se encargaría, primordialmente, de coordinar a elaboración e posta en práctica dun plano xeral para o uso do idioma e outro específico para a docencia en lingua galega.

Os ENL creáronse para dar resposta a unha necesidade evidente: a Lei de Normalización Lingüística (1983) sinala que os centros de ensino teñen entre os seus obxectivos conseguir que os alumnos e alumnas adquiran unha boa competencia nas dúas linguas oficiais. De aí nace a necesidade de adoptar un conxunto de medidas de actuación positiva dirixidas á promoción da lingua galega e, así mesmo, unha planificación na que se contemple o uso das dúas linguas como vehiculares.

Dado que a LOXSE ten como un dos seus eixes básicos a autonomía dos centros, decidiuse que, a partir das orientacións da Administración, esas medidas tiñan que ser propostas e guiadas desde o propio centro, a través do Equipo de Normalización. Un equipo encargado de elaborar e propoñer as medidas que o centro necesite, tendo en conta variables como a lingua familiar do alumnado, o maior ou menor coñecemento da outra lingua, a presenza social das dúas linguas, etc.

Nos últimos anos, producíronse no ensino modificacións lexislativas de importancia, derivadas da implantación da LOXSE. A elas hai que lles engadir a aparición do Decreto (setembro, 1995) que regula a utilización da lingua galega no ensino. Por esa razón, modificouse a norma que regulaba a constitución e funcionamento dos ENL, para adaptala ó novo marco legal. Desde o curso 1996-97, xa é efectiva para todos os centros de Primaria e Secundaria.

Os cambios legais posteriores non afectaron á normativa dos ENL.

A composición do Equipo de Normalización Lingüística

Esta composición, polo que compete ós centros de Secundaria, aparece regulada no Decreto 324/1996, do 26 de xullo, no que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. Nel indícase que nos institutos existirá, entre outros órganos, un Equipo de Normalización Lingüística.

Máis adiante, no cap. VII do Título III dise que o equipo de normalización lingüística estará constituído por:

- a) Tres profesores, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Tres alumnos, por proposta da xunta de delegados.
- c) Un membro do persoal non docente, por proposta dos mesmos.

Os membros do equipo serán nomeados polo director. A coordinación será desempeñada por un profesor

ou profesora do mesmo, preferentemente con destino definitivo no centro.

O coordinador será nomeado polo director ou directora, a proposta dos compoñentes do equipo, e desempeñará a súa función durante catro anos.

O equipo poderá contar con outros membros colaboradores, que participen e axuden nas actividades que se vaian desenvolver.

As competencias dos Equipos de Normalización Lingüística.

Os dous Decretos citados outórganlle as mesmas competencias ós ENL, tanto nos centros de Infantil-Primaria como nos de Secundaria. Estas competencias son:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
 2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - a) Medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora-la competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
 3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano específico para potencia-la presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
 4. Elaborar e dinamizar un plano anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos planos anteriores.
 5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
- (...) Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

O ENL como impulsor do uso da lingua galega no centro.

Da actual normativa, dedúcese que o ENL debe traballar principalmente en dúas direccións, recollidas no plano xeral para o uso do idioma:

- a potenciación do uso do galego nas actividades do centro.
- a mellora da competencia lingüística e a valoración positiva do uso da lingua entre os membros da comunidade educativa.

Centrémonos agora na primeira liña deste traballo, deixando a análise da segunda para as páxinas que seguen.

É doado entender por que se lle asigna ó ENL este traballo. Hoxe, vemos que a lingua galega aínda non ten un uso normalizado na nosa sociedade, e tampouco en moitos centros de ensino. Se queremos que iso non sexa así, cómpre estimular o seu uso en todos os contextos e para tódalas funcións, xa que só dese xeito recuperará o prestixio social que faga posible a desaparición dos prexuízos.

Por outra banda, tal como sinala a Lei de Normalización e se reitera no Decreto de 1995 que regula o uso do galego no ensino, o sistema educativo ten un obxectivo lingüístico principal, como é o de que os alumnos e alumnas acaden, ó longo da escolaridade, unha boa competencia nas dúas linguas oficiais. Pero sabemos que a competencia nunha lingua só se adquire se se usa nas máis diversas situacións comunicativas. Para o alumnado, moitas desas situacións danse no contexto escolar, que constitúe un espacio de socialización de gran importancia. De aí a necesidade de que ese ámbito estea galeguizado, unha necesidade que é máis intensa se hai unha escasa presenza do galego no ambiente familiar ou social.

